

Contas económicas anuais. Revisión estatística 2024

Datos correspondentes ao ano 2024

28/08/2026

ÍNDICE

Principais resultados	1
Introdución	1
Descomposición do produto interior bruto de Galicia	2
Desagregación por sectores	5
Sector primario	5
Sector industrial	7
Sector construción	12
Sector servizos	13
Sectores característicos da economía galega	16
Metodoloxía, definicións, fontes e máis información	17

Principais resultados

- No ano 2024, o Produto interior bruto (PIB) de Galicia en termos correntes ascendeu a 81.733,1 millóns de euros e avanzou a un ritmo do 6,1%.
- As rendas salariais representaron o 44,4% do PIB e o excedente bruto de explotación o 46,1%.
- O sector primario representa o 4,6% do PIB, a construción o 6,0%, o sector industrial e enerxético o 14,7% e os servizos o 65,9%.
- Dentro da industria manufactureira, a industria alimentaria representa o 25,4% e a industria da automoción o 19,5%.

1 Introdución

As [Contas económicas anuais](#) son unha estatística de síntese de carácter estrutural. O seu obxectivo é ofrecer ao usuario unha representación cuantificada, completa, sistemática, sinxela e detallada da realidade económica galega.

Ofrece información do cadro macroeconómico de Galicia desde o ano 1995 e información desagregada para 72 sectores económicos. Dentro das súas utilidades están:

- Coñecer a estrutura produtiva da economía galega e fornecer de información útil para a análise da situación económica da rexión.


- Afondar en partes ou aspectos específicos da economía.
- Coñecer a evolución temporal dos sectores económicos que conforman a nosa economía.
- Os resultados son a base da contabilidade trimestral, das estimacións do produto interior bruto municipal e gardan coherencia coa desagregación e maior alcance do Marco Input-Output. Tamén son a base tanto das previsións económicas como dos estudos sectoriais que se realizan no IGE.

Esta operación estatística segue as [liñas metodolóxicas](#) establecidas na Unión Europea polo Regulamento do Sistema Europeo de Contas (SEC 2010).

2 Descomposición do produto interior bruto de Galicia

No ano 2024, o Produto interior bruto (PIB) a prezos correntes ascendeu a 81.733,1 millóns de euros. Con respecto ao 2023, o crecemento porcentual foi do 6,1 %. Esta taxa é 1,8 puntos inferior á rexistrada no 2023.

Evolución do Produto interior bruto (PIB) a prezos correntes. Galicia. 1995-2024
Unidade: porcentaxes (%)




Fonte: IGE. Contas económicas anuais ([descarga da táboa](#))

A estimación do PIB pola vía da oferta permite coñecer que sectores produtivos contribúen á xeración de valor engadido en Galicia. No ano 2024, a contribución do sector servizos ao Produto Interior Bruto (PIB) de Galicia foi do 65,9%. Este sector é cada vez máis relevante: pasou do 55,8% do PIB en 1995 ao 65,9% no ano 2024. Esta contribución ao PIB marca o máximo ao longo da serie contable.

O sector industrial e enerxético representa o 14,7%, o sector primario 4,6%, a construción un 6,0% e os impostos netos sobre os produtos un 8,9%.

Distribución do PIB pola vía da oferta

Unidade: porcentaxe (%) sobre PIB




Fonte: IGE. Contas económicas anuais ([descarga da táboa](#))

A estimación do PIB pola vía da demanda permite coñecer a contribución da demanda interna (gasto en consumo final e formación bruta de capital –investimentos–) xunto coa demanda exterior neta (diferenza entre exportacións e importacións). O gasto en consumo final, que inclúe tanto o realizado polos fogares como polas Administracións públicas e Institucións sen fin de lucro ao servizo dos fogares (ISFLSF), representa o 80,6% do PIB. O investimento representa o 16,5%. No ano 2024, a demanda externa neta é positiva (as exportacións superan ás importacións).

Distribución do PIB pola vía da demanda

Unidade: porcentaxe (%) sobre PIB




Fonte: IGE. Contas económicas anuais ([descarga da táboa](#))

Pola vía das rendas, o PIB expresa a remuneración dos factores produtivos: traballo (remuneración de asalariados), capital (excedente de explotación bruto) e o pagamento de impostos. Dentro do excedente de explotación bruto recóllese tamén a renda mixta, que é a remuneración do traballo autónomo.

A remuneración dos asalariados representa o 44,4 % do PIB no ano 2024, o excedente de explotación bruto o 46,1 %, e o restante 9,5 % é o peso dos impostos netos sobre a produción e as importacións ao PIB.

Distribución do PIB pola vía da renda

Unidade: porcentaxe (%) sobre PIB



Fonte: IGE. Contas económicas anuais ([descarga da táboa](#))

3 Desagregación por sectores

As contas económicas anuais ofrecen un alto nivel de detalle sectorial, polo que é posible afondar no coñecemento da economía de Galicia analizando as ramas de actividade.

En termos de actividade, no ano 2024, o 65,9% do PIB da economía galega concéntranse no sector servizos. O sector da industria e enerxía representa o 14,7%, o sector primario o 4,6% e a construción o 6% restante.

En termos de emprego, no ano 2024, o 72,3% dos postos de traballo da economía galega concéntranse no sector servizos. O sector da industria e enerxía representa o 13,1%, o sector primario o 6,9% e a construción o 7,7% restante.

A produtividade do factor traballo, medida como o valor engadido producido por cada hora traballada, é unha medida da produtividade aparente do traballo en termos correntes. Por sectores de actividade a maior produtividade do factor traballo está na industria e enerxía e a menor no sector primario.

A participación das rendas salariais no valor engadido mide a cota de valor engadido utilizada para remunerar o factor traballo asalariado. A construción é o sector que presenta un maior valor da remuneración de asalariados sobre valor engadido (59,2%), é dicir, a participación das rendas salariais na xeración de valor é elevada. En cambio, o sector primario presenta neste indicador un valor inferior á media da economía. Neste sector a presenza do traballo por conta propia é elevada.

Desagregación por sectores. Ano 2024

Sector	PIB (miles de €)	Distribución do PIB	Emprego (postos de traballo)	Distribución do emprego (postos de traballo)	Produtividade (VEB/Horas efectivas)	Remuneración de asalariados/VEB
Sector primario	3.734.957	4,6	81.405	6,9	22,2	20,4
Industria e enerxía	11.992.286	14,7	153.300	13,1	45,8	50,3
Construción	4.938.035	6,0	90.835	7,7	31,4	59,2
Servizos	53.828.435	65,9	848.691	72,3	39,9	49,3
Impostos netos sobre os produtos	7.239.412	8,9	–	–	–	–
Total Economía	81.733.125	100,0	1.174.231	100,0	42,2	44,4

Fonte: IGE. Contas económicas anuais.

Descarga das táboas: [distribución do PIB](#), [distribución do emprego](#)

(–) Non procede

3.1 Sector primario

As Contas Económicas anuais ofrecen información de catro ramas de actividade dentro do sector primario. Este sector ocupa a 81.405 postos de traballo, dos cales máis da metade son da rama da agricultura e gandería. Nas ramas da pesca e acuicultura hai 22.792 postos de traballo.

No sector primario, a remuneración de asalariados representa o 20,4% do VEB xerado. Esta porcentaxe é a máis baixa dos catro grandes sectores debido a que a porcentaxe de emprego asalariado sobre emprego total é baixa, especialmente na rama R01 "Agricultura, gandería, caza e servizos relacionados con ela". Por outra banda, a produtividade do traballo é inferior á da economía.

Estrutura do sector primario galego. Ano 2024


Ramas de actividade	VEB (miles de €)	VEB (% sobre total sector)	EMPREGO (postos de traballo)	EMPREGO (% sobre total sector)	Produtividade (VEB/Horas efectivas)	Remuneración de asalariados/VEB
R01 - Agricultura, gandería, caza e servizos relacionados con elas	2.700.377	72,3	48.430	59,5	23,5	11,7
R02 - Silvicultura e explotación forestal	412.795	11,1	10.183	12,5	23,2	32,5
R03 - Pesca e acuicultura	621.785	16,6	22.792	28,0	17,5	50,2
• R03A - Pesca	437.029	11,7	17.703	21,7	16,6	59,3
• R03B - Acuicultura	184.756	4,9	5.089	6,3	20,3	28,6
TOTAL PRIMARIO	3.734.957	100,0	81.405	100,0	22,2	20,4

Fonte: IGE. Contas económicas anuais. ([Descarga das táboas](#))

Comparando o ano 2024 co inicio da serie contable, ano 2000, vemos como se incrementa a presenza da agricultura e gandería no sector primario galego en termos de VEB, pero non en termos de emprego. Pola contra, tanto a "Pesca e acuicultura" como a "Silvicultura e explotación forestal" evolucionan de forma oposta: perden peso dentro do sector en termos de VEB pero gañano en termos de emprego.

Distribución do VEB do sector primario


Unidade: porcentaxe sobre o total do sector (%)



Fonte: IGE. Contas económicas anuais ([descarga da táboa](#))

Distribución do emprego do sector primario

Unidade: porcentaxe sobre o total do sector (%)




Fonte: IGE. Contas económicas anuais ([descarga da táboa](#))

3.2 Sector industrial

Dentro do sector industrial distinguimos dous grandes bloques: o sector enerxético (que se corresponde coas seccións B, D, E da Clasificación Nacional de Actividades, CNAE-09) e a industria manufactureira. Con respecto á composición interna do sector, en 2024 a distribución enerxía/manufactura do valor engadido bruto sinala un subsector manufactureiro predominante (79,5% do total) e cunha contribución superior á do ano 2000, como se aprecia no gráfico seguinte. En termos de emprego a industria manufactureira é máis relevante: o 90,3% dos empregos do sector secundario proveñen dela.

Distribución do VEB da Industria e enerxía


Unidade: porcentaxe sobre o total do sector (%)



Fonte: IGE. Contas económicas anuais ([descarga da táboa](#))

Distribución do emprego da Industria e enerxía

Unidade: porcentaxe sobre o total do sector (%)



Fonte: IGE. Contas económicas anuais ([descarga da táboa](#))

O subsector da industria manufactureira

As Contas económicas anuais desagregan información da industria manufactureira en 26 ramas de actividade diferentes, tal como reflicte a seguinte táboa. Isto permite coñecer o detalle de diversos sectores senlleiros da economía galega, como por exemplo a industria alimentaria, que está formada por seis ramas de actividade: Procesamento e conservación de carne e elaboración de produtos cárnicos; Procesamento e conservación de peixes, crustáceos e moluscos; Fabricación de produtos lácteos; Fabricación de produtos para a alimentación animal; Outras industrias alimentarias e Fabricación de bebidas.

O valor engadido xerado pola industria alimentaria (2.419 millóns de euros) representa o 25,4 % do valor xerado pola industria manufactureira. En termos de emprego, supoñen o 25,7 % e superan os 35 mil postos de traballo.

Estrutura da industria manufactureira galega. Ano 2024


Ramas de actividade	VEB (miles de €)	VEB (% sobre total sector)	EMPREGO (postos de traballo)	EMPREGO (% sobre total sector)	Produtividade (VEB/Horas efectivas)	Remuneración de asalariados/VEB
Industria agroalimentaria	2.418.879	25,4	35.617	25,7	39,5	48,9
• R10A - Procesamento e conservación de carne e elaboración de produtos cárnicos	383.018	4,0	5.008	3,6	42,3	45,2
• R10B - Procesamento e conservación de peixes, crustáceos e moluscos	650.985	6,8	11.894	8,6	32,5	59,1
• R10C - Fabricación de produtos lácteos	289.443	3,0	2.875	2,1	55,9	36,8
• R10D - Fabricación de produtos para a alimentación animal	121.112	1,3	1.716	1,2	43,1	60,1
• R10E - Outras industrias alimentarias	417.269	4,4	10.148	7,3	24,1	66,9
• R11 - Fabricación de bebidas	557.052	5,8	3.976	2,9	80,8	30,0
R12 - Industria do tabaco	–	–	–	–	–	–
R13 - Industria téxtil	65.256	0,7	1.667	1,2	20,1	72,7
R14_15 - Industria da confección, do coiro e do calzado	399.317	4,2	8.607	6,2	27,9	43,0
R16 - Industria da madeira e da cortiza	489.652	5,1	7.773	5,6	33,1	60,6
R17 - Industria do papel	209.493	2,2	2.017	1,5	56,7	48,0
R18 - Artes gráficas e reprodución de soportes gravados	77.887	0,8	2.294	1,7	20,7	89,4
R19 - Coquerías e refinación de petróleo	145.321	1,5	591	0,4	130,6	67,6
R20_21 - Industria química e farmacéutica	327.221	3,4	2.924	2,1	64,1	41,9
R22 - Fabricación de produtos de caucho e plásticos	223.702	2,3	3.412	2,5	43,6	54,6
R23 - Fabricación doutros produtos minerais non metálicos	376.272	3,9	6.413	4,6	33,7	60,6
R24 - Metalurxia; fabricación de produtos de ferro, aceiro e ferroalixaxes	271.812	2,9	4.374	3,2	38,2	64,4
R25 - Fabricación de produtos metálicos, agás maquinaria e equipamento	1.053.697	11,1	17.701	12,8	35,8	66,2
R26 - Fabricación de produtos informáticos, electrónicos e ópticos	83.213	0,9	1.086	0,8	43,6	65,2
R27 - Fabricación de material e equipamento eléctrico	93.875	1,0	1.118	0,8	66,5	58,0
R28 - Fabricación de maquinaria e equipamento n.c.n.	331.798	3,5	4.751	3,4	41,5	63,2
R29 - Fabricación de vehículos de motor	1.857.108	19,5	16.406	11,9	66,9	45,2
R30 - Fabricación doutro material de transporte	212.456	2,2	4.463	3,2	27,5	98,7
R31 - Fabricación de mobles	227.073	2,4	4.657	3,4	30,4	68,2
R32 - Outras industrias manufactureiras	85.334	0,9	1.937	1,4	24,8	62,3
R33 - Reparación e instalación de maquinaria e equipamento	584.766	6,1	10.578	7,6	30,4	81,0
INDUSTRIA MANUFACTUREIRA	9.534.132	100,0	138.386	100,0	40,2	56,4

Fonte: IGE. Contas económicas anuais. ([Descarga das táboas](#))

(–) Non procede

O seguinte gráfico representa, en termos de valor engadido, a participación das seis ramas que forman o subsector da industria alimentaria. En 2024, a contribución da rama da conserva e do conxelado de peixe (R10B) é dun 26,9 % do seu VEB, seguida pola fabricación de bebidas (R11) cun 23,0 % e a rama das outras industrias alimentarias (R10E) cun 17,3 % do VEB.

Distribución do VEB da industria alimentaria por subramas
Ano 2024



Fonte: IGE. Contas económicas anuais ([descarga da táboa](#))

Tras a industria alimentaria, a fabricación de vehículos automóbiles é a que ten unha maior contribución ao valor engadido xerado pola industria manufactureira de Galicia. Esta rama de actividade acadou un valor engadido bruto de 1.857 millóns de euros en 2024, o que supón o 19,5% do total da industria manufactureira galega. O emprego nesta rama de actividade é de 16.406 postos de traballo.

Outras industrias relevantes son a fabricación de produtos metálicos (cun VEB de 1.054 millóns de euros); as reparacións e instalación de maquinaria e equipamento (585 millóns de euros, nos que se inclúen os xerados pola reparación naval); a industria da madeira (490 millóns de euros); e a confección de roupa de vestir, coiro e calzado (399 millóns de euros).


No seguinte gráfico represéntase a contribución das diferentes ramas ao VEB da industria manufactureira en dous períodos: 2000 e 2024. A contribución das industrias alimentarias ao VEB industrial manufactureiro incrementouse en 7,6 puntos. A fabricación de vehículos de motor, que en 2000 representaba o 15,4% do VEB da industria manufactureira, representa o 19,5% no 2024.

A "Fabricación de produtos metálicos, agás maquinaria e equipamento" e a "Reparación e instalación de maquinaria e equipamento" representan no ano 2024 un 11,1% e un 6,1% respectivamente, o que supón un incremento da súa relevancia no subsector con respecto ao ano 2000. Tamén presentan un peso no sector industrial superior ao do ano 2000 a industria da madeira, a fabricación de maquinaria, a industria química e farmacéutica ou a fabricación doutro material de transporte.

En cambio, como se aprecia no gráfico, entre as ramas que perderon peso relativo na industria manufacturera destacamos a "Confección de roupa de vestir e industria do coiro e do calzado", a "Fabricación doutros produtos minerais non metálicos", a Metalurxia, as "Coquerías e refinación de petróleo" ou a "Fabricación de material e equipamento eléctrico". En todas elas o seu peso dentro VEB da industria diminuíu con respecto a 2000.

Contribución ao VEB da industria manufacturera. Anos 2000 e 2024

Unidade: Porcentaxe sobre o total da industria manufacturera




Fonte: IGE. Contas económicas anuais ([descarga da táboa](#))

No seguinte gráfico visualízase a contribución en termos de emprego das distintas ramas da industria manufacturera nos mesmos dous períodos do gráfico anterior. A "Industria alimentaria", que medrou tanto en termos absolutos como relativos, concentra unha cuarta parte do emprego da industria manufacturera en Galicia no 2024. Repítese o patrón amosado pola contribución ao VEB industrial manufacturero, porén, hai que mencionar a perda de peso no emprego industrial da "Industria da confección, do coiro e do calzado", máis pronunciado que no caso do valor engadido. Tamén destacamos a perda de peso da "Industria da madeira e da cortiza", que en termos de xeración de valor ten un comportamento oposto (con maior peso interno en 2024 que en 2000).

Contribución ao emprego da industria manufacturera. Anos 2000 e 2024

Unidade: Porcentaxe sobre o total da industria manufacturera



Fonte: IGE. Contas económicas anuais ([descarga da táboa](#))

3.3 Sector construción

Estrutura do sector construción. Ano 2024


Ramas de actividade	VEB (miles de €)	VEB (% sobre total sector)	EMPREGO (postos de traballo)	EMPREGO (% sobre total sector)	Produtividade (VEB/Horas efectivas)	Remuneración de asalariados/VEB
R41_43 - Construción	4.938.035	100,0	90.835	100,0	31,4	59,2
TOTAL CONSTRUCCION	4.938.035	100,0	90.835	100,0	31,4	59,2

Fonte: IGE. Contas económicas anuais. ([Descarga das táboas](#))

No ano 2024, o sector xerou 4.938 millóns de euros con 90.835 postos de traballo, isto é, o 7,7% do emprego total da nosa comunidade. A súa contribución ao PIB (6%) reduciuse 4,3 puntos con respecto ao ano 2000.

Evolución do sector da construción galego. 1995-2024

Unidade: peso no PIB (%), postos de traballo



Fonte: IGE. Contas económicas anuais. [Descarga das táboas](#) ([evolución do emprego](#), [evolución do peso no PIB](#))

3.4 Sector servizos

As Contas económicas de Galicia ofrecen información de 37 ramas de actividade do sector servizos. Estas ramas poden agruparse, seguindo a CNAE-09, en 14 seccións. Na táboa seguinte sintetízanse os principais datos destas seccións en termos de valor engadido, emprego e variables derivadas.

O “Comercio por xunto e ao retallo; reparación de vehículos de motor e motocicletas” xerou en 2024 máis de 9.467 millóns de euros e 186.603 postos de traballo. Representa o 17,6% do valor engadido xerado no sector servizos.

As “Actividades inmobiliarias”, que inclúen a valoración do aluguer das vivendas nas que residen os seus propietarios, representan o 16,0% do VEB xerado no sector servizos, pero ten escasa relevancia en termos de emprego. Isto fai que os niveis de produtividade sexan moi elevados e a participación da renda salarial no valor xerado moi baixa.

As “Actividades sanitarias e de servizos sociais” xeraron 5.322 millóns de euros en 2024, cunha elevada participación das rendas salariais (83,3% do VEB). No caso da “Educación” esta participación é incluso superior (84,6%) ao tratarse dun tipo de sectores intensivos en traballo.

O VEB da “Hostalería” ascendeu a 4.447 millóns de euros (o 8,3 % do valor xerado no sector servizos). Esta sección, que recolle tanto os servizos de aloxamento como os de restauración, ten unha produtividade do traballo inferior á media do sector servizos.

Cómpre sinalar que as actividades de servizos ás empresas, agrupadas nas seccións M e N da CNAE, representan un 10,0 % do valor xerado polo sector terciario de Galicia.

Estrutura do sector servizos galego. Ano 2024

Ramas de actividade	VEB (miles de €)	VEB (% sobre total sector)	EMPREGO (postos de traballo)	EMPREGO (% sobre total sector)	Produtividade (VEB/Horas efectivas)	Remuneración de asalariados/VEB
G - Comercio por xunto e ao retallo; reparación de vehículos de motor e motocicletas	9.466.978	17,6	186.603	22,0	29,5	51,5
H - Transporte e almacenamento	3.469.938	6,4	53.980	6,4	36,9	53,0
I - Hostalería	4.446.605	8,3	75.873	8,9	33,8	31,9
J - Información e comunicacións	2.088.370	3,9	26.972	3,2	43,8	57,5
K - Actividades financeiras e de seguros	3.602.173	6,7	16.614	2,0	121,4	20,1
L - Actividades inmobiliarias	8.638.169	16,0	9.851	1,2	506,4	1,8
M - Actividades profesionais, científicas e técnicas	3.387.301	6,3	57.762	6,8	34,2	54,6
N - Actividades administrativas e servizos auxiliares	2.003.642	3,7	71.051	8,4	20,2	78,5
O - Administración pública e defensa; seguranza social obrigatoria	4.521.173	8,4	58.998	7,0	48,8	73,1
P - Educación	3.918.809	7,3	72.572	8,6	40,4	84,6
Q - Actividades sanitarias e de servizos sociais	5.322.123	9,9	122.229	14,4	28,8	83,3
R - Actividades artísticas, recreativas e de entretemento	1.195.752	2,2	24.705	2,9	35,3	58,1
S - Outros servizos	1.260.505	2,3	44.459	5,2	17,4	51,9
T - Actividades dos fogares como empregadores de persoal doméstico	506.897	0,9	27.022	3,2	16,6	100,0
TOTAL SERVICIOS	53.828.435	100,0	848.691	100,0	39,9	49,3

Fonte: IGE. Contas económicas anuais. ([Descarga das táboas](#))


Do mesmo xeito que no apartado do subsector da industria manufactureira, analizamos, a través de dous gráficos, cal é o cambio relativo do sector servizos galego entre o ano 2000 e o ano 2024.

En termos de VEB, con respecto ao ano 2000, destaca o incremento do peso no sector servizos das "Actividades profesionais, científicas e técnicas" (2,6 puntos porcentuais), das "Actividades inmobiliarias" (2 puntos) e das "Actividades sanitarias e de servizos sociais" (1,7). A "Hostalería", cuxo peso relativo aumentou 1,7 puntos porcentuais, supera, en termos de contribución á economía, ao sector do transporte ou a educación, ao contrario do que ocorría no ano 2000.

As seccións que máis reduciron o seu peso son o "Comercio e reparación de vehículos" (-2,4 puntos porcentuais) e a sección "Información e comunicacións" (-2,9). A redución nesta sección agocha un comportamento dispar das ramas que a forman: a perda de peso relativo da rama de actividade das "Telecomunicacións" contrasta co comportamento positivo ao longo da serie contable da rama "Programación, consultoría e outras actividades relacionadas coa informática".

Distribución do valor engadido bruto (VEB) no sector servizos. Anos 2000 e 2024

Unidade: Porcentaxe sobre o total do sector servizos




Fonte: IGE. Contas económicas anuais ([descarga da táboa](#))

En termos de emprego, gaña peso especialmente a sección “Actividades sanitarias e de servizos sociais”. O 14,4 % dos postos de traballo no sector servizos pertencen a esta sección. Esta evolución contrasta coa perda de peso da “Administración pública e defensa; seguridade social obrigatoria”. Porén, a sección que rexistrou unha maior perda de peso relativo foi a que recolle as actividades comerciais. A pesar disto, segue a ser a sección da CNAE que concentra un maior porcentaxe de emprego no sector servizos.

Ao igual que ocorría en termos de VEB, as seccións que recollen os servizos a empresas (seccións M e N) incrementan a súa cota de emprego no sector servizos. Pola contra, pérdeno a educación, ou o transporte.

Distribución do emprego (postos de traballo) no sector servizos. Anos 2000 e 2024

Unidade: Porcentaxe sobre o total do sector servizos



Fonte: IGE. Contas económicas anuais ([descarga da táboa](#))

4 Sectores característicos da economía galega

No IGE elaboramos desde o ano 2013 estudos referidos a diversos sectores da economía galega, incluídos nos programas estatísticos anuais na actividade de interese estatístico "[Análise estatística de sectores produtivos e da estrutura económica en xeral](#)". Na seguinte táboa resumimos a evolución da súa contribución ao PIB galego e a súa relevancia en termos de emprego¹.

Peso no PIB de sectores característicos da economía galega. Anos 2000, 2008 e 2024

Unidade: Porcentaxe

Sectores	2000	2008	2024
Cadea forestal-madeira	2,4	1,9	1,6
Fabricación de vehículos e compoñentes	2,1	1,9	2,3
Ramas características do sector cultural	..	2,2	2,1
Sector agroalimentario	7,5	6,2	7,0
Sector da minaría e fabricación de produtos minerais non metálicos	1,8	1,3	0,7
Sector da pesca	2,4	1,7	1,6
Sector do transporte e da loxística	4,3	3,9	4,2

Fonte: IGE. Contas económicas anuais. ([Descarga da táboa](#))

(..) Non dispoñible

Emprego de sectores característicos da economía galega. Anos 2000, 2008 e 2024

Unidade: Postos de traballo

Sectores	2000	2008	2024
Cadea forestal-madeira	28.932	27.115	24.630
Fabricación de vehículos e compoñentes	18.782	20.579	16.406
Ramas características do sector cultural	..	29.956	35.763
Sector agroalimentario	190.156	120.167	106.839
Sector da minaría e fabricación de produtos minerais non metálicos	20.343	20.509	10.581
Sector da pesca	42.312	35.058	34.686
Sector do transporte e da loxística	44.537	55.667	53.980

Fonte: IGE. Contas económicas anuais. ([Descarga da táboa](#))

(..) Non dispoñible

¹O IGE elabora tamén contas satélites sectoriais da [Cultura](#) e [Deporte](#) cunha metodoloxía específica que permiten ter unha valoración global destes sectores.

5 Metodoloxía, definicións, fontes e máis información

Metodoloxía

- [Metodoloxía](#)

Definicións

- [Definicións](#)

Descarga de datos

- [Contas económicas anuais](#)